

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15012730	IES Camilo José Cela	Padrón	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Xeografía e historia	4º ESO	3	105

Réxime

Réxime xeral-ordinario

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Revolucións liberais. A conquista dos dereitos individuais e colectivos.	(poñendo en clave os principais procesos unificadores e independencias), auténticos motores do s. XIX, xunto coas ideas marxistas e anarquistas. Todo elo modela a sociedade de clases decimonónica, que substitúe a sociedade estamental, cunhas bases ideolóxicas da sociedade de clases que analizaremos na propia unidade.	5	9	X		
2	Revolución industrial e imperialismo. A repartición do mundo.	Nesta unidade abordaremos a revolución agrícola que propiciou a revolución industrial, profundizando nas súas principais características e nos cambios que produciu a nivel económico, político e social, destacando o imperialismo.	5	9	X		
3	A transformación de España no século XIX. A revolución liberal.	Nesta unidade abordaremos a influencia que tiveron as revolucións burguesas na construción dun estado liberal en España e en Galicia. Estudaremos as características da revolución industrial en España e Galicia e a súa relación cos cambios sociais e políticos de finais do século XIX.	10	9	X		
4	O difícil comezo do século XX. A Primeira Guerra Mundial.	Nesta unidade abordaremos os conflitos e violencias provocadas a fines do s. XIX e inicios do XX que levaron cara a Iª Guerra Mundial, acontecida trala paz armada. Describiremos os principais acontecementos da guerra e as súas repercusións, facendo fincapé no estudo crítico e comparativo con outros conflitos precedentes. Por último, integramos dentro da unidade a Revolución Rusa, ao ser esta producida en parte como consecuencia da Gran Guerra e que vai marcar as relacións internacionais cara a IIª Guerra Mundial.	5	9	X		
5	O período de entreguerras: crise económica e totalitarismos.	Nesta unidade abordaremos a situación económica mundial na segunda e terceira década do s. XX. A súa vez, analizaremos as relacións internacionais como consecuencia da Iª Guerra Mundial e a aparición dos Totalitarismos (Fascismo e Nazismo). A economía de entreguerras permitiranos explicar os factores económicos como detonante político e social da sociedade, facendo especial diagnose do crack do 29. A súa vez indicaremos a conquista dos dereitos individuais e colectivos nestas décadas, sobre todo no caso das mulleres, facendo referencia ás súas principais protagonistas. Por último, valoraremos os conflitos e violencias no período de entreguerras que serán a orixe da nova Guerra Mundial.	10	9		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
5	O período de entreguerras: crise económica e totalitarismos.		10	9		X	
6	A Segunda Guerra Mundial: o mundo ao bordo da destrución.	Nesta unidade abordaremos as principais fases e etapas, e sobre todo as consecuencias directas da IIª Guerra Mundial. Todo elo, aportando un estudo crítico e comparativo con conflitos anteriores e posteriores. Fito aparte, valoraremos criticamente o Holocausto xudeo e as súas consecuencias na historia mundial.	10	9		X	
7	España: da crise do 98 á Guerra Civil.	Nesta unidade abordaremos a creba do sistema da Restauración e a súa influencia nos posteriores acontecementos que desembocaron na Guerra Civil. Analizaremos as diferentes etapas do conflito e as consecuencias a nivel político, social e económico para o país.	10	8		X	
8	A Guerra Fría, un período que estremeceu o mundo.	Nesta unidade abordaremos o proceso de reconstrución trala IIª Guerra Mundial e a conformación dunha nova organización política internacional: a Guerra Fría, como eixo vertebrador da nova orde mundial. Explicaremos os principios conflitos e fundamentos xeoestratéxicos relacionados coa nova orde mundial. Tamén valoraremos o papel dos organismos internacionais na busca da Paz. Entremedias destes procesos xurde o precedente da Unión Europea como alternativa histórica á política tradicional no Vello Continente, cuxos obxectivos serán o asentamento da democracia, o desenvolvemento económico e a paz social e continental. Coñeceremos as súas institucións e funcións, así coma os máis importantes fitos no asentamento do Estado do Benestar en Europa. Por último, reflexionaremos sobre a 3ª Revolución Industrial e as consecuencias dela no asentamento do Estado do Benestar, o Consumo de Masas e os Novos Movementos Sociais (feminismo, ecoloxismo e pacifismo).	10	9		X	
9	A descolonización do mundo.	Nesta unidade abordaremos os procesos de independencia das antigas colonias africanas e asiáticas, incidindo nas causas e consecuencias deste proceso.	10	8			X
10	Grandes cambios no mundo desde 1945. Tensións e retos.	Nesta unidade falaremos da evolución económica, política e social de Europa occidental, Estados Unidos, América Latina, a URSS, China e o mundo islámico desde o	10	9			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
10	Grandes cambios no mundo desde 1945. Tensións e retos.	<p>remate da Segunda Guerra Mundial. Destacaremos as principais transformacións científicas e tecnolóxicas do s. XXI (dende unha perspectiva ética) e a complexidade da Globalización e de Internet e dos medios de comunicación de masas e as redes sociais virtuais. Tamén se abordarán os cambios culturais e novos movementos sociais de 4ª xeración nun mundo global: feminismo e dereitos da comunidade LGTBI+ (facendo fincapé na loita polos seus dereitos e a igualdade de xénero, citando exemplos relevantes), o novo ecoloxismo, pacifismo e o compromiso cívico e a participación cidadá (asociacionismo e voluntariado). En fin, reflexionaremos sobre a igualdade real de homes e mulleres, a eliminación da discriminación por identidade ou xénero e a consecución dos dereitos civís polas minorías.</p>	10	9			X
11	España: o camiño desde a ditadura á democracia.	<p>Nesta unidade abordaremos as principais características e evolución da ditadura franquista. Explicaremos o proceso da Transición política e a configuración do estado democrático en España trala fin da Ditadura e a Constitución de 1978 e a descrición do estado do benestar en España. Tamén abordaremos o Estado das Autonomías e en concreto o estatuto de autonomía de Galicia. Reflexionaremos sobre os efectos da memoria democrática - dende un punto histórico, pero tamén presente e emocional-, a cohesión social e a integración, así como as medidas e accións en favor da igualdade e da plena inclusión. Por último, tamén xulgaremos criticamente o papel de España na UE e os valores do europeísmo a través de fórmulas como a participación en programas educativos europeos.</p>	10	8			X
12	A Arte do s. XX ao s. XXI: Vanguarda e PostVanguardia e novas formas de expresión artística actuais. Movementos artísticos do s. XX e XXI en España e Galicia.	<p>Nestas unidade abordaremos os principais movementos e expresións artísticas e culturais do s. XX e XXI: Primeiras e Segundas Vanguardas e as novas formas de expresión artística posmodernas no mundo actual. Faremos especial fincapé na arte actual en España e Galicia, destacando aos principais artistas e o noso patrimonio como ben e como recurso. Valoraremos a posta en valor, difusión e gestión da riqueza patrimonial e a súa</p>	5	9			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
12	A Arte do s. XX ao s. XXI: Vangarda e PostVangarda e novas formas de expresión artística actuais. Movementos artísticos do s. XX e XXI en España e Galicia.	<p>importancia na nosa realidade, á vez que fomentaremos o respecto e a conservación do patrimonio material e inmaterial en España e Galicia.</p> <p>Por último, analizaremos a diversidade cultural no mundo actual.</p>	5	9			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Revolucións liberais. A conquista dos dereitos individuais e colectivos.	9

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Establecer conexións e relacións entre os coñecementos e informacións adquiridos, elaborando sínteses interpretativas e explicativas, mediante informes, estudos ou dosieres informativos, que reflectan un dominio e consolidación dos contidos tratados.	Realiza o exercicio escrito cun nivel suficiente, demostrando que sabe identificar varias características do proceso histórico referido.	PE	70
CA2.3 - Utilizar secuencias cronolóxicas complexas nas que identificar, comparar e relacionar feitos e procesos en diferentes períodos e lugares históricos (simultaneidade, duración, causalidade), utilizando termos e conceptos específicos do ámbito da historia e da xeografía.	Realiza o exercicio escrito cun nivel suficiente, demostrando que sabe identificar varias características do proceso histórico referido.		
CA2.4 - Analizar procesos de cambio histórico e comparar casos da historia e a xeografía a través do uso de fontes de información diversas, tendo en conta as transformacións de curta e longa duración (conxuntura e estrutura), as continuidades e permanencias en diferentes períodos e lugares.	Realiza o exercicio escrito cun nivel suficiente, demostrando que sabe identificar varias características do proceso histórico referido.		
CA2.7 - Identificar os principais feitos históricos nos diferentes contextos e valorar os cambios que propiciaron nos aspectos ideolóxicos, sociais, políticos e económicos conformando as bases do mundo contemporáneo e actual; así mesmo, xustificar que feitos do pasado teñen unha incidencia no presente establecendo relacións de causalidade e consecuencialidade que todo acontecemento histórico vai provocar no futuro.	Realiza o exercicio escrito cun nivel suficiente, demostrando que sabe identificar varias características do proceso histórico referido.		

Outra das vantaxes da avaliación inicial é a de ofrecer información sobre a predisposición do alumnado cara o tema que se vai a traballar, permitindo concretar os contidos que suscitan maior interese ou que se descoñecen totalmente. Ademais dá pé a definir a didáctica e a metodoloxía para abordar a unidade.

Outro aspecto importante destas probas diagnósticas é que permiten detectar as confusións e incorreccións que os estudantes teñen sobre os contidos a tratar e que van precisar aclaración e rectificación, sendo idóneo plantexarlles que sexan eles/elas mesmos/as os que, por medio de pescudas, cheguen ás conclusións exactas.

Por último, puntualizar que estas probas iniciais non teñen por que se valoradas numericamente xa que non entran no cómputo de cálculo da cualificación do alumnado.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
Peso UD/ Tipo Ins.	5	5	10	5	10	10	10	10	10	10
Proba escrita	70	70	70	70	70	70	70	70	70	70
Táboa de indicadores	30	30	30	30	30	30	30	30	30	30

Unidade didáctica	UD 11	UD 12	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	10	5	100
Proba escrita	70	70	70
Táboa de indicadores	30	30	30

Criterios de cualificación:

Por unidades didácticas estableceuse o peso que se lle daba aos instrumentos de avaliación resultando que as probas escritas é do 70% e o das táboas de indicadores un 30%.

1. As probas escritas (dúas por avaliación) puntuaranse nunha escala de 1 a 10 e consistirán na contestación dunha serie de preguntas de diverso formato, por exemplo, poden ser de desenvolver, curtas ou tipo test; de relacionar conceptos; de identificar e comentar textos e imaxes; de definir termos; etc. Sempre se especificará o valor de cada pregunta, entendendo que se está contestada correctamente levará a puntuación máxima pero, de non ser así, a puntuación diminuírá en consecuencia cuns criterios obxectivos que o docente debe ter previamente fixados. Finalmente a cualificación do exame será o resultado da suma total da puntuación acadada en cada cuestión.

2. A táboa de indicadores (30%) comprenderá o traballo na aula (15 %) nos seus diferentes aspectos (corrección de actividades, participación, realización de fichas, traballo na aula virtual, actitude..) e aspectos procedimentais (15%) que se encomenden ao alumnado que poden ser traballos escritos, posters; exposicións orais, etc. Para a corrección destes traballos empregaranse as rúbricas adaptadas a cada tarefa entre as que figurará unha que recolla a actitude e implicación do/da alumno/a no traballo, deste xeito considérase o interese como aspecto a valorar. Para as rúbricas establécense os seguintes parámetros: excelente 10; ben 7; regular 5; moi regular 4, valores cos que logo se extrae a media.

A nota da avaliación será o resultado de:

Nota avaliación= [(Media Ex. x 70)+ (Media rúbricas T.I.x30)] / 100.

Unha vez realizadas as operacións, aplicarase o redondeo tendo en conta que cando o decimal é superior a 5 o redondeo irá á alza e, pola contra, se é inferior, irá á baixa. A avaliación estará aprobada cando a cualificación sexa 5 ou superior. Se o docente observa que o alumno ou alumna aprobou a avaliación pero ten algunha parte ou tema pouco afianzado, poderá poñerlle algún traballo de reforzo.

No caso de non superar unha avaliación, o alumnado fará unha proba de recuperación ao comezo da seguinte trimestre.

Para a cualificación final de curso terase en conta o peso porcentual ou ponderado que se lle aplicou ás unidades de cada avaliación, polo tanto será o resultado de:

$$\text{Nota final} = \frac{(\text{Nota } 1^{\text{a}} \text{ aval.} \times 33,3) + (\text{Nota } 2^{\text{a}} \text{ aval.} \times 33,3) + (\text{Nota } 3^{\text{a}} \text{ aval.} \times 33,3)}{100}$$

Se o resultado final non chega a un 5 o/a alumno/a terá que presentarse a unha proba extraordinaria en xuño dos contidos das tres avaliacións. Consistirá nun exame final no que se examinarán todos os criterios de avaliación de todas as unidades didácticas. Novamente, a cualificación deberá ser superior a 5 (nunha escala de 1-10) para ter a materia aprobada, en caso contrario quedaría pendente e, en canto ao redondeo, aplicaráselle o establecido para as avaliacións.

Criterios de recuperación:

O alumnado que non supere as diferentes avaliacións, fará unha proba escrita de recuperación por trimestre, que se cualificará nunha escala de 1 a 10 (especificando en cada pregunta o seu valor).

Levarase a cabo un redondeo da cualificación e este será á alza cando o decimal é superior a 5 ou á baixa cando o decimal sexa menor de 5. A avaliación considerárase aprobada cando se obtén 5 ou máis.

Concretamos que a construción da nota da avaliación a recuperar establécese cos instrumentos da recuperación.

No caso de que non se recupere a avaliación, o alumnado poderá someterse a outra recuperación cando o docente o considere pertinente consistente na realización dun exame escrito puntuado nunha escala de 1 a 10 e sobre as preguntas mandadas realizar polo/a profesor/a no inicio do plan de recuperación, non tendo que presentar o traballo se este xa foi entregado e valorado positivamente, en caso contrario, si debe entregalo de novo.

6. Medidas de atención á diversidade

As medidas de atención á diversidade danse en dous niveis:

- Para o alumnado con dificultades de aprendizaxe levarase a cabo un traballo de reforzo e recuperación cunha proposta de material de traballo adaptado para facerllo máis comprensible (fichas adaptadas ás súas capacidades, vídeos de reforzo, xogos interactivos...). Deste xeito o alumnado con dificultades pode decatarse dos seus logros e automotívase máis.

- Ao alumnado de altas capacidades proporcionaráselle tarefas de ampliación e afondamento. Ditas actividades poden ir sendo cada vez máis complexas segundo as necesidades pero sempre terán un compoñente motivador para evitar que dito alumnado decaia no seu esforzo.

Plantexaranse medidas de reforzo tanto para o alumnado avantaxado como para o que teña dificultades, de acordo coas súas necesidades concretas. En función destas, adaptaremos a metodoloxía (traballo cooperativo, reforzo individual...) de forma que o docente poida atender a ritmos, capacidades e niveis diferentes, favorecendo así que o alumnado acadese un nivel mínimo nas súas capacidades lingüísticas e sociais. O material a empregar pode ser unha adaptación do libro de texto seleccionando contidos e tarefas ou un caderno de traballo cos contidos adaptados elaborado polo docente co asesoramento do Departamento de Orientación.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Educación cívico-social	X		X			X		X
ET.2 - Educación ambiental.			X					
ET.3 - Educación para a igualdade.	X	X	X			X		